

Émilie du Breteuil

(París, 1706-Lunéville, 1749)



Gabrielle Émilie Le Tonnelier de Breteuil, marquesa de Châtelet, foi unha matemática e física francesa que pasou á historia como tradutora de Newton ao francés e difusora das súas teorías, xunto coas de Leibniz, no continente.

Nese tempo, as reunións científicas celebrábanse na Academia das Ciencias ou nos cafés de París, ambos lugares vetados para as mulleres.

En 1734, Émilie du Breteuil intentou entrar no Café Gradot para discutir de Matemáticas con Maupertuis. Este café era o máis famoso como lugar de reunión de matemáticos, astrónomos e físicos. A Mme. de Châtelet prohibíronlle a entrada. Ela volveu unha semana máis tarde vestida de home. Esta vez, deixárona entrar e atendérona adecuadamente.

En 1733 fundou, no castelo de Cirey, un Salón-Laboratorio-Academia Científica, lugar onde se estudaba, escribía e se realizaban experimentos cos mellores científicos e científicas da época (organizaron e financiaron a expedición ao Polo Norte para probar que a terra é achatada polos polos, como sostíña Newton).

Publicou: *Ensaio de óptica* (1736). *Sobre a natureza do lume* (1737). *Disertación sobre a natureza e propagación do lume* (1744). *Institucións de Física* (1740). Tradución de «*Os Principia*» (Post mortem: 1756, 1.^a parte; 1759, 2.^a parte)